

---

## **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA POLO DESENVOLVEMENTO DUNHA PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES SAUDABLES NOS PARQUES DURANTE O VERÁN**

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O Plan de Actividade Física da Organización Mundial da Saúde 2018–2030 ten como obxectivo diminuír a inactividade física nun 10% no 2025 e nun 15% no 2030. Este plan, conectado cos obxectivos de desenvolvemento sostible, persegue aminorar os custos sanitarios, as desigualdades e as discriminacións; e promover o benestar, a calidade de vida, a saúde mental, o peso saudable, a conservación ambiental, entre outros retos que concibe como alianzas interconectadas.

Para mudar as tendencias actuais de inactividade, acentuadas polo impacto da epidemia da Covid19, a OMS publicou novas directrices actualizadas ao contexto pandémico e recomendou desenvolver entre 150 e 300 minutos de actividade física semanal ás persoas adultas e 60 minutos diarios para nenos e adolescentes. Ademais, trasladou que todas as persoas debemos movernos dunha forma segura e creativa para contrarrestar os efectos nocivos do sedentarismo, desenvolvendo actividades físicas que axuden no manexo das cardiopatías, a diabetes, as depresións e a ansiedade, entre outras numerosas doenzas.

O Plan da OMS destaca que, a través de políticas públicas coidadosas coa saúde, as institucións deben favorecer “lugares activos” que promovan os dereitos de persoas de todas as idades a gozar dun acceso equitativo a espazos seguros nos que realizar actividades físicas de forma regular. Neste senso, o Plan de Actividade Física da Organización Mundial da Saúde 2018–30 recolle entre outras necesidades, mellorar o acceso aos espazos públicos ao aire libre, levar adiante iniciativas que engloben toda a comunidade, e outorgar prioridade aos programas para as persoas menos activas.

Xa no ámbito local, vimos de coñecer, na última sesión do Consello Municipal de Saúde, o Diagnóstico de Saúde do Concello de Santiago de Compostela elaborado pola Área de Medicina Preventiva e Saúde Pública da USC. No apartado número 7 dese documento atopamos indicadores a ter en conta arredor do sedentarismo e o exceso de peso da poboación:

- O sedentarismo en Santiago de Compostela sitúase nun 42%, por riba da media da comunidade do 37,2.

- Tamén superamos a media galega en sobrepeso: un 41,6% en Santiago, fronte á media do 39,1%.
- A prevalencia de exceso de peso recollida durante o ano 2020 nos diferentes centros de saúde (Concepción Arenal, Conxo, Galeras, Vite e Fontiñas) indican tendencias no sobrepeso infantil nalgúns áreas de poboación da cidade, por exemplo un 11,3 en Vite e un 8,2 en Conxo que superan á media da cidade nun 7,2%. Tendencia que atopamos tamén nas persoas mozas, adultas e maiores que atenden nos centros de saúde nos barrios de Conxo e Vite.

Esta diagnose sobre o foco da saúde municipal facilitou datos que nos fan tomar conciencia da necesidade de impulsar programas de actividades saudables que loiten contra o sedentarismo e favorezan unha vida activa da poboación e que contribúan a mudar estas tendencias que afectan ao estado da saúde dos habitantes.

O pasado martes 3 de maio presentouse en rolda de prensa a programación “Vive o Verán” para cativos. Non atopamos comunicación sobre programación de ocio para a mocidade e persoas adultas orientada e desde o Grupo Municipal de Compostela Aberta consideramos que o Concello non pode esquecer ás persoas mozas e maiores, se ademais temos en conta os indicadores de saúde mental que tamén achega a diagnose antedita:

- Nos indicadores de morbilidade atopamos un dato para matinar e buscar melloras: un 11,1% de homes e un 23,1% de mulleres con depresión e ansiedade. Nas porcentaxes de prevalencia de depresión e ansiedade por grupos de idade nos centros de saúde atopamos outra vez desmelloradas as áreas de Vite e Conxo con indicadores por riba da media na maioría das franxas de idade.
- Sobre os indicadores de mortalidade, en relación ao suicidio, Santiago atópase nun 8,3 por debaixo da media da comunidade, cun 10,7 por 100.000 casos. Nos homes cunha incidencia 8,9 e nas mulleres cun 7,7.

Por todo isto, consideramos urxente recuperar as actividades municipais saudables nos parques que desapareceron durante a etapa pandémica. Desenvolver unha programación nas zonas verdes que integre prácticas que melloran a saúde física e psíquica da poboación durante o próximo verán. Precisamos actividades para gozar das zonas verdes, diúrnas e libres de alcohol. Temos uns recursos naturais privilexiados para apostar por unha programación de verán de ocio e saúde para todas as idades. Os nosos parques son lugares preferentes de encontro, recoñecidos pola comunidade como lugares escollidos para respirar e camiñar libremente fóra de espazos pechados.


Para poñer en funcionamento unha programación de actividades saudables que fusione prácticas físicas e artísticas temos a sorte de contar con profesionais en Santiago con ampla experiencia no desenvolvemento de actividades terapéuticas, artísticas e de lecer orientadas ao benestar cos que artellar unha programación de calidade como sucede noutras cidades que aproveitan os parques para desenvolver actividades saudables con amplos segmentos da poboación.

Por todo o anterior e para fomentar unha vida máis activa na cidade que mellore a saúde de persoas maiores e mozas, o Grupo Municipal de Compostela Aberta, propón o seguinte **ACORDO**:

- **O Goberno porá en marcha este verán un programa de actividades físicas e creativas nos parques da cidade, orientadas para contrarrestar os efectos nocivos do sedentarismo, con especial atención ás necesidades das persoas maiores e mozas.**

En Santiago de Compostela, a 10 de Maio de 2022

Branca Novo Rei



Concelleira do Grupo Municipal de Compostela Aberta

**Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO**